



O decreto dos xurros: as comunidades autónomas teñen a última palabra

Tras a polémica xerada no sector gandeiro pola publicación deste decreto estatal e as recentes resolucións dalgúns das comunidades autónomas ao respecto, nesta reportaxe aclaramos a postura da maioría delas e entrevistamos aos conselleiros do ámbito en Galicia, Asturias e Cantabria.

España superou o teito de emisións de amoníaco que ten asignado no marco da normativa comunitaria sobre calidade de aire e a Comisión Europea alertou o Goberno deste problema. A resposta do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente non tardou en chegar e, alegando que o 76 % das emisións teñen a súa orixe na xestión de esterco e xurros, optou pola creación e publicación do Real decreto 980/2017 (BOE-A-2017-12981) polo que dende o 1 de xaneiro deste ano os gandeiros que queiran ser beneficiarios das axudas da Política Agrícola Común (PAC) non poderán espallar os xurros mediante cisternas con sistemas de abano, prato ou canón.

No entanto, todas as comunidades autónomas poden establecer para o ano

2018 certas excepcións á norma atendendo ás características específicas das súas superficies afectadas e ao malestar causado no sector por obrigar os produtores a afrontar grandes investimentos.

Algunhas comunidades autónomas xa responderon ao respecto. Galicia, Asturias, Cantabria ou Cataluña xa teñen publicadas as súas resolucións sobre este asunto e outras, como Castela-A Mancha, Andalucía, Navarra ou o País Vasco tan só teñen decidida a súa postura.

Para valorar a situación do vacún leiteiro e a solución tomada polas comunidades máis afectadas da cornixa cantábrica, entrevistamos aos responsables das consellerías con competencia nesta materia de Galicia, Asturias e Cantabria.

ÁNGELES VÁZQUEZ

Conselleira do Medio Rural da Xunta de Galicia



Cal é a súa opinión sobre a normativa?

Penso que, por responsabilidade, non debo entrar a valorar nin esta nin outra normativa de aplicación. A lexislación hai que cumprila, pero tamén é verdade que temos instrumentos para flexibilizar, facilitar e adaptar ese cumprimento ás especiais circunstancias do noso territorio agrario.

En calquera caso, a Consellería do Medio Rural presentou alegacións a este Real decreto (21 de xullo de 2017), que non foron atendidas polo Ministerio e publicou esta normativa sen realizar os cambios propostos.

Tras a publicación do Real decreto, e conforme ao que se establece no mesmo, que habilita ás comunidades autónomas a establecer excepcións nas modalidades de aplicación de xurros e esterco, publicouse unha orde establecéndoa para Galicia.

Que excepcións en materia de aplicación de xurros teñen en conta para a comunidade galega?

Os agricultores galegos poderán manter as súas prácticas tradicionais sen ser penalizados no cobro das axudas da PAC.

A Consellería do Medio Rural ditou unha orde (Orde do 26 de febreiro de 2018 pola que se establecen excep-

cións ás normas de condicionalidade de aplicación de xurros e esterco da Orde do 6 de febreiro de 2018), xa publicada no DOG, para regular as excepcións á normativa sobre aplicación de xurro nas superficies agrícolas á hora de percibir determinadas axudas da PAC. Na práctica, o texto establece que os sistemas de abanico poderán seguir empregándose polos agricultores e gandeiros da nosa comunidade, como ata o de agora.

Coa nova normativa mantense, iso si, a imposibilidade de efectuar a aplicación con sistemas de aspersión con canón, algo que, de feito, case non se estaba a realizar na nosa comunidade, polo que esta limitación non ten practicamente consecuencias en Galicia.

O decreto estatal tamén fai referencia á obriga de enterrar os esterco sólidos despois da súa aplicación no menor tempo posible. Ante isto, estableceuse algunha excepción para Galicia?

Si, inclúese outra excepción en relación coa obriga de enterramento dos esterco sólidos despois da súa aplicación. Así, sinálase que se estará exento deste deber cando o uso do esterco se corresponda coas prácticas tradicionais. Esta excepción únese ás outras dúas que xa existían e que facían referencia aos tipos de cultivo mediante sementeira directa ou labra mínima, aos pastos e cultivos permanentes e a cando a achega do esterco sólido se realice en cobertura co cultivo xa instalado.

Esta orde autonómica aféctalles a todos os gandeiros e agricultores?

Neste sentido cómpre lembrar que os cambios na normativa de xurros só lles afectaban a aqueles gandeiros e agricultores que deben cumprir as normas da condicionalidade por recibiren pagos directos da PAC, quedando excluídas as pequenas explotacións.

A Consellería do Medio Rural sempre defendeu que as axudas da PAC fosen destinadas aos agricultores e gandeiros en activo. Cre que estas medidas poden ir encamiñadas a favorecer aos non activos?

A “condicionalidade” refírese a unha serie de requisitos legais de xestión e a unhas boas condicións agrarias e medioambientais que deben cumprir

► “OS AGRICULTORES GALEGOS PODERÁN MANTER AS SÚAS PRÁCTICAS TRADICIONAIS SEN SER PENALIZADOS NO COBRO DAS AXUDAS DA PAC”

► “COA NOVA NORMATIVA MANTENSE A IMPOSIBILIDADE DE EFECTUAR A APLICACIÓN CON SISTEMAS DE ASPERSIÓN CON CANÓN, ALGO QUE CASE NON SE ESTABA A REALIZAR NA NOSA COMUNIDADE”

os agricultores que reciban pagos directos no marco da PAC. Con estas novas condicións de aplicación de xurros e esterco, as axudas da PAC seguirían sendo destinadas aos mesmos agricultores e gandeiros que antes.

Non cre que esta normativa prexudica especialmente os produtores de leite, xa que só son responsables do 4 % da contaminación á que se refire a normativa europea e, en consecuencia, a orde estatal?

Precisamente, Medio Rural está a elaborar un informe para determinar o nivel real de contaminación por amoníaco na nosa comunidade que, en principio e a expensas dos resultados deste estudo, se considera irrelevante, polo que o criterio da Xunta é que non sería

preciso establecer máis limitacións ao uso dos xurros.

Por iso, desde o primeiro momento a nosa comunidade apostou por esa excepcionalidade, tendo en conta, entre outros, criterios como as especiais condicións do terreo, o tamaño das explotacións ou o clima. Pero foi a falta de maquinaria no mercado a que determinou que se exceptúe a aplicación con sistema de abano de xurros ou fraccións líquidas de dexeccións, mentres non se resolva esta situación.

Toda a normativa responde a unha redución dos niveis de contaminación por amoníaco, pero a maquinaria necesaria para a aplicación doutros sistemas pode ser que aumente a contaminación con CO₂. Cre que a solución dun problema pode provocar o nacemento doutro, mesmo peor?

En absoluto. O aumento de produción de CO₂ dos sistemas alternativos de aplicación de xurro é irrelevante, en comparación coa diminución do vertido de amoníaco.

En calquera caso, as excepcións introducidas na normativa evitarán calquera tipo de consecuencias negativas para o medio ambiente.

Pensouse algunha vez na obrigatoriedade de utilizar algún tipo de aditivo que contrarrestase

olores e contaminación por amoníaco antes da aprobación da normativa xeral/estatal?

Non como obriga, pero algúns gandeiros de porcino xa están a aplicar este tipo de medidas nas súas explotacións.

A aplicación de xurros non só achega nutrientes, senón que favorece a conservación das capas do solo, a diferenza do que pode pasar cos abonos químicos. Valoráronse de maneira correcta os prexuízos que esta normativa pode ocasionar para o mantemento dos solos?

Esta medida non vai contra a aplicación de xurro. Só tenta modificar o seu método de aplicación.

As medidas tomadas son de aplicación para o ano 2018, pero que plan se ten para o futuro?

Non, as medidas de excepción tomadas son “mentres non se resolvan os condicionantes que deron lugar á súa excepción”, como di a orde publicada para Galicia.

Seguimos a traballar para minimizar no futuro o impacto que poidan ter sobre o noso agro estes cambios normativos, e nesa liña vai o estudo sobre contaminación ao que antes me refería. Procuraremos que os nosos agricultores e gandeiros teñan as menores molestias posibles por esta causa, sempre desde o respecto á norma. ►►



MARÍA JESÚS ÁLVAREZ

Conselleira de Desenvolvemento Rural e Recursos Naturais
do Principado de Asturias



Cal é a súa opinión sobre a normativa?

A normativa do Ministerio de Agricultura sobre aplicación de xurros era, inicialmente, moi estrita para a súa aplicación nunha comunidade autónoma cunhas características como a nosa. A aplicación con cubas ou cisternas que usan o sistema de prato ou abanico e canóns para a fertilización de cultivos nas explotacións de gando vacún en Asturias é unha práctica xeneralizada. Pode ser que a existencia de sistemas de inxección ou de tubos colgantes sexa inexistente ou testemuñal na actualidade, polo que o impacto no sector, cunha implantación inminente e xeneralizada como a exposta polo Mapama, sería moi elevado. Por iso, o Principado xa trasladou en xullo de 2017 as súas alegacións ao borrador do Real decreto sobre o uso de xurros. En decembro solicitamos, ademais, unha moratoria de dous anos na súa aplicación, que non obtivo resposta.

Hai varias razóns polas que non se implantaron en Asturias os sistemas alternativos para espallar xurros, a pesar de ser unha tecnoloxía recoñecida como unha ferramenta útil para aumentar a eficiencia na utilización de

nutrientes na fertilización, minimizando á súa vez as emisións de gases de efecto invernadoiro. Entre elas destaca a orografía. Asturias é unha rexión formada maioritariamente por montañas e vales de fortes pendentes. Ademais, outros condicionantes orográficos, como a irregularidade do terreo ou os afloramentos rochosos ou pedregosos, tamén dificultarían ou impedirían, segundo o caso, este labor coa maquinaria indicada (inxeectores de xurro), requiríndose a súa proxección a distancia. A aplicación en parcelas pendentes ou irregulares pode afectar á seguridade no traballo, polo risco asociado ao envorco da maquinaria agrícola.

Outra das razóns ten que ver co clima. Temos precipitacións elevadas, o cal condiciona en última instancia a posibilidade de entrada da maquinaria ás parcelas para realizar a fertilización, reducindo os períodos aptos para a distribución dos xurros. A humidade do terreo é un factor que aumenta os riscos para a seguridade das persoas que aplican os xurros. Tamén hai que valorar que a temperatura media en determinadas épocas do ano se sitúa entre os 6 °C e os 13 °C. Se unimos o clima ao feito de que os chans agrarios de Asturias non son calcáreos, a combinación de ambos os factores reduce a emisión de NH_3 . Tecnicamente está acreditado que a maior temperatura, maior volatilización dos compostos volátiles como o amoníaco.

Que excepcións en materia de aplicación de xurros teñen en conta para a comunidade asturiana?

O Goberno de Asturias publicou unha resolución a principios de febreiro que exclúe da aplicación da nova normativa de xurros do Ministerio ao 91,31 % da superficie que se declara á Política Agrícola Común (PAC), o que representa un total de 186.582,84 hectáreas e o 96,14 % dos terreos declarados. Esta medida permitirá que sigan aplicando os xurros da mesma forma que ata o de agora.

A resolución establece as excepcións á normativa do Goberno central sobre a aplicación de xurros por parte dos gandeiros e agricultores asturianos que reciben axudas da PAC. Así, o seu uso nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de prato ou abanico nin canóns, excepto nos seguintes casos:

► “O SECTOR VACÚN DE LEITE É O MÁIS PREXUDICADO, CANDO É O QUE MENOS CONTAMINA EN COMPARACIÓN CO PORCINO”

► “O TERREO EXENTO DE APLICACIÓN DA NOVA NORMATIVA [EN ASTURIAS] É DO 91 %”

- Terreos con pendentes medias superiores ao 10 %.
- Terreos cunha superficie inferior a 5.000 metros cadrados.
- Cando o resto de parcelas agrícolas dunha explotación (descontadas as incluídas nas dúas primeiras excepcións), en conxunto, representen unha superficie inferior ao 50 % da total neta da explotación, ou menos de dúas hectáreas.
- Cando o resto de parcelas agrícolas da explotación (descontadas as incluídas nas dúas primeiras excepcións), en conxunto, representen unha superficie superior ao 50 % da superficie total neta, se os xurros corresponden a explotacións de gando bovino con almacenamento en fosa estanca e cuberta, e a aplicación se leve a cabo en días cunha temperatura media inferior a 12 graos, segundo a estación de Aemet máis próxima á explotación.
- Cando se trate de parcelas agrícolas nas que se realice un tratamento posterior, mediante enterramento con arado de vertedoiro ou cultivador, dentro das 24 horas seguintes á súa aplicación.

A extensión declarada no Principado con pendente media inferior ao 10 % é de 17.776,69 hectáreas, un 8,69 % do total, mentres que os recintos con superficie superior a 5.000 metros cadrados son 16.373, o 3,85 %. Con estes dous criterios, o terreo exento de aplicación da nova normativa é do 91 %, como lle comentei antes.

O decreto estatal tamén fai referencia á obriga de enterrar os esterco sólidos despois da súa aplicación no menor tempo posible. Ante isto, estableceuse algunha exención para Asturias?

En canto á obriga do enterramento dos esterco sólidos no menor prazo de tempo posible despois da súa aplicación, en Asturias exceptúanse desta obriga os tipos de cultivo mediante sementeira directa ou mínimo laboreo, os pastos, os cultivos permanentes e,

ademais, cando a achega do esterco sólido se realice en cobertura co cultivo xa instalado. En todo caso, autorízase a súa aplicación sen enterramento posterior de forma excepcional, cando este uso se corresponda coas prácticas tradicionais.

Esta orde autonómica aféctalles a todos os gandeiros e agricultores?

Aféctalles a todos os gandeiros e agricultores de Asturias que reciben axudas da Política Agrícola Común vinculadas a compromisos ambientais (condicionalidade), tal e como establece o decreto do Goberno de Mariano Rajoy, é dicir, a todos os gandeiros e agricultores que non estean exentos pola resolución do Principado de Asturias.

Cre que estas medidas poden ir encamiñadas a favorecer aos non activos?

Non creo que favoreza a ningún, é unha medida inxusta, xa que afecta por igual a todas as rexións, sen ter en conta quen contamina máis. Debería aplicarse gradualmente e por sectores, empezando polo porcino. Precisamente, o porcino non cobra axudas da PAC e por tanto non se ve afectado na mesma medida. A agricultura e a gandería teñen que contribuír á conservación do medio ambiente, pero todos, non soamente os que cobran axudas da PAC.

Non cre que esta normativa prexudica especialmente os produtores de leite, xa que só son responsables do 4 % da contaminación á que se refire a normativa europea e, en consecuencia, a orde estatal?

Efectivamente, o sector do vacún de leite é o máis prexudicado, cando é o que menos contamina en comparación co porcino. Ademais, en Asturias coincide que as explotacións de leite están situadas nas zonas máis chás e con parcelas máis grandes.

En realidade, esta normativa prexudica en Asturias a todos os gandeiros xa que, na nosa comunidade autónoma, os fertilizantes orgánicos están formados por xurros e esterco procedentes de pequenas explotacións de bovino e son practicamente inexistentes os de porcino, os que máis contaminan e os que realmente preocupan á Comisión Europea e ao Ministerio de Agricultura. A contribución da gan-

dería de Asturias á contaminación do medio ambiente polos xurros é menor en comparación con outros territorios de España.

Toda a normativa responde a unha redución dos niveis de contaminación por amoníaco, pero a maquinaria necesaria para a aplicación doutros sistemas pode ser que aumente a contaminación con CO₂. Cre que a solución dun problema pode provocar o nacemento doutro, mesmo peor?

Pode ser, sería preciso calcular a contaminación total polos diferentes gases de efecto invernadoiro en todos os procesos, e seguramente nos atoparíamos con sorpresas. De todos os xeitos, a mitigación do cambio climático require tomar medidas respecto diso.

Pensouse algunha vez na obrigatoriedade de utilizar algún tipo de aditivo que contrarrestase olores e contaminación por amoníaco antes da aprobación da normativa xeral/estatal?

Esta pregunta correspóndelle respondera ao Ministerio. Aínda que hai tratamentos preventivos para diminuír o cheiro e as emisións de amoníaco dos xurros, as medidas ou tratamentos que se tomen deben de ser eficaces, fáciles de controlar e co mínimo custo para o gandeiro.

A aplicación de xurros non só achega nutrientes, senón que favorece a conservación das capas do solo, a diferenza do que pode pasar cos fertilizantes químicos. Valoráronse de maneira correcta os prexuízos que esta normativa pode ocasionar para o mantemento dos solos?

Os xurros e o esterco son bos fertilizantes para o chan. O que o Ministerio restrinxen son os métodos de aplicación. Non se prohibe o uso de xurros e esterco sólido para a fertilización, o mantemento e a conservación dos chans.

As medidas tomadas son de aplicación para o ano 2018, pero que plan se ten para o futuro?

A resposta está en mans do Mapama. Desde Asturias tentaremos manter as excepcións citadas anteriormente, xa que factores como a pendente, o tamaño dos terreos e a climatoloxía limitan o uso de accesorios alternativos ao sistema de prato ou abanico. ►

JESÚS ORIA

Conselleiro de Medio Rural, Pesca e Alimentación do Goberno de Cantabria



Cal é a súa opinión sobre a normativa?

Ao noso xuízo, esta normativa é excesivamente rigorosa coas explotacións de gando vacún da cornixa cantábrica, responsables dunha mínima parte das emisións de amoníaco. O Ministerio non tivo en conta as comunidades autónomas nin considerou necesario establecer diferenzas sectoriais admitindo que o verdadeiro problema en relación cos xurros radica nas explotacións de porcino.

Que excepcións en materia de aplicación de xurros teñen en conta para a comunidade cántabra?

As que permite o Real decreto 980/2017 en función de condicións específicas, orográficas e climáticas (elevada pluviometría ou pequeno tamaño das parcelas). En Cantabria, isto supón que haxa excepcións para as parcelas con pendente media superior ao 10-12 %, ademais de para as de menos de 2.500 metros cadrados, para evitar riscos evidentes de seguridade, compactación de superficies etc., eximindo tamén do cumprimento ás explotacións cunha superficie marxinal restante pouco significativa proporcionalmente ou inferior a dúas hectáreas, unha vez descontadas as parcelas con pendente ou moi pequenas.

O decreto estatal tamén fai referencia á obriga de enterrar os estercos sólidos despois da súa aplicación no menor tempo posible. Ante isto, estableceuse algunha exención para Cantabria?

Non o consideramos necesario. En Cantabria máis do 90 % da superficie agraria é pasto e, por tanto, imos aplicar a excepción sobre este punto prevista no Real decreto que permite non enterrar o esterco sólido neste tipo de superficies.

Esta orde autonómica aféctalles a todos os gandeiros e agricultores?

Si. Hai que ter en conta que se trata dunha modificación do Real decreto 1078/2014 que regula a aplicación da condicionalidade para todos os beneficiarios de axudas directas ou de desenvolvemento rural, sexan agricultores ou gandeiros.

Cre que estas medidas poden ir encamiñadas a favorecer aos non activos?

Os gandeiros e agricultores non activos, aínda cando non cobren axudas da PAC, tamén están obrigados a cumprir a normativa ambiental. Cuestión distinta é que, do mesmo xeito que sucede cos beneficiarios do réxime de pequenos agricultores (os que perciben menos de 1.250 euros), están exentos do sistema de control e aplicación de penalizacións da condicionalidade.

Non cre que esta normativa prexudica especialmente os produtores de leite, xa que só son responsables do 4 % da contaminación á que se refire a normativa europea e, en consecuencia, a orde estatal?

Si, xa se comentou. Debería discriminarse por sectores produtivos o impacto desta medida e mesmo se debería diferenciar a aplicación nas súas distintas fases de xeración, almacenamento e distribución do xurro.

Toda a normativa responde a unha redución dos niveis de contaminación por amoníaco, pero a maquinaria necesaria para a aplicación doutros sistemas pode ser que aumente a contaminación con CO₂. Cre que a solución dun problema pode provocar o nacemento doutro, mesmo peor?

Non é probable. A maquinaria agrícola, como todo o sector de automoción

► “ESTA NORMATIVA É EXCESIVAMENTE RIGOROSA COAS EXPLOTACIÓNS DE GANDO VACÚN DA CORNIXA CANTÁBRICA, RESPONSABLES DUNHA MÍNIMA PARTE DAS EMISIÓNS DE AMONÍACO”

► “DEBERÍA DISCRIMINARSE POR SECTORES PRODUCTIVOS O IMPACTO DESTA MEDIDA”

en xeral, vai gañando en eficiencia ambiental, redución de emisións etc. Damos por feito que a relación custo-beneficio ambiental da medida é favorable.

Pensouse algunha vez na obrigatoriedade de utilizar algún tipo de aditivo que contrarrestase olores e contaminación por amoníaco antes da aprobación da normativa xeral/estatal?

Non. Ata a data non había unha normativa sobre xurros. Podería haber

algunha ordenanza municipal sobre actividades molestas, pero a súa motivación e marco legal de aplicación é totalmente diferente.

A aplicación de xurros non só achega nutrientes, senón que favorece a conservación das capas do solo, a diferenza do que pode pasar cos abonos químicos. Valoráronse de maneira correcta os prexuízos que esta normativa pode ocasionar para o mantemento dos solos?

Si, de aí a aplicación dun réxime de excepcións como o que previmos. Con estas excepcións, trátase de conxurar non só o perigo que suporía unha redución drástica da superficie de distribución dos xurros (potencial infra-

fertilizado), senón tamén o seu reverso, un aumento descontrolado e desproporcionado de xurros sobre as zonas restantes co seu consecuente risco de superación dos límites admisibles de nitratos. Cantabria, nestes momentos, non ten zonas vulnerables da Directiva de Nitratos.

As medidas tomadas son de aplicación para o ano 2018, pero que plan se ten para o futuro?

A resolución adoptada pola a Dirección Xeral de Gandería e Desenvolvemento Rural non só abarca o problema da distribución do xurro en 2018 senón tamén nos anos sucesivos, coa intención de conseguir unha adaptación paulatina e da mesma.

AS DECISIÓNS DOUTRAS COMUNIDADES

CATALUÑA PERMITE O ABANICO

O Departamento de Agricultura de Cataluña, mediante a Orde ARP/9/2018 e atendendo as súas particularidades, prohibiu a aplicación de xurros ou fraccións líquidas de dexeccións con sistemas de aspersión por canón. Pola contra, pódese facer con sistemas de vano ou abano a través de empresas de servizos ata o 1 de novembro de 2018 e, para o resto de aplicacións, ata o 31 de decembro de 2018. O esterco sólido terá que soterrarse no menor tempo posible, exceptuando os sistemas de cultivo de conservación, a sementeira directa e o mínimo laboreo, os prados e pastos xa implantados, os cultivos leñosos con cuberta vexetal entre liñas e as aplicacións en cobertura sobre cultivos herbáceos.

EXENCIÓN DA PROHIBICIÓ EN ANDALUCÍA

A comunidade andaluza, a pesar de non ter publicada a resolución definitiva, acollerase á posibilidade de eximir aos beneficiarios das axudas da PAC durante o ano 2018 da prohibición de utilizar os sistemas de prato, abano e canóns para a aplicación de xurro nas

superficies agrícolas. A súa decisión responde, segundo nos confirmaron nun comunicado oficial, ás peticións demandadas polo sector, ao elevado número de equipos afectados, ao alto custo de adaptación deses equipos e ao reducido espazo de tempo para acometer os cambios esixidos pola normativa.

A ORDE DO PAÍS VASCO, EN BORRADOR

Euskadi ten preparado o borrador da orde, o cal, a pesar de non ser definitivo e non ter vixencia ata a súa publicación, considera que durante o ano 2018 non se aplicarán as prohibicións da norma estatal e poderanse aplicar os xurros excepcionalmente en todas as superficies mediante prato, abanico e canón, sempre que en superficies distintas a pastos permanentes e pradeiras se proceda ao seu soterramento no menor prazo de tempo posible.

EN ESTUDO AS EXCEPCIÓNS DE CASTELA-A MANCHA

Nestrouta comunidade séguese á espera de xustificacións para as posibles excepcións á normativa estatal. A

Consellería de Agricultura ten previsto publicar unha orde na que se recollan estas posibles excepcións, que seguen estudando, e que poden presentar, segundo din, as diferentes organizacións agrarias.

NAVARRA MODIFICARÁ A SÚA PROPIA ORDE

En Navarra decidiuse facer unha trasposición da normativa estatal tendo en conta a normativa sectorial autonómica que regula a xestión dos residuos das explotacións gandeiras. A redacción desa Orde Foral 110/2015, á espera de publicación definitiva, quedaría da seguinte maneira: “A aplicación de xurro nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de prato ou abanico nin canóns, salvo que o plan de xestión de esterco ou a autorización ambiental da explotación gandeira das que provén o permita.”

Á espera da resolución pertinente tamén están outras comunidades como Castela e León ou Baleares, das que de momento non podemos recibir documentación.